

## Informe sobre o parque eólico Monteagudo (modificación substancial)

Código C03.2890

Nº Expte: IN661A 2003/03

### I. ANTECEDENTES, PROXECTO SECTORIAL E EsIA

O presente informe responde á solicitude recibida o 21/07/22 desde o Servizo de Enerxía e Minas sobre o Proxecto de Interese Autonómico e EsIA do parque eólico Monteagudo (modificación substancial). Dita infraestrutura está promovida por *Green Capital Power SL* en terreos pertencentes aos concellos de Carballo, A Laracha e Arteixo. A poligonal do parque abarca unhas 1767 hectáreas.

As coordenadas dos seus vértices, xunto coa dos aeroxeradores e a torre meteorolóxica, son as seguintes:

Vértice	UTM-X	UTM-Y
V1	530907,80	4795118,51
V2	533561,92	4795118,51
V3	532549,53	4791938,12
V4	531674,24	4791938,12
V5	531234,25	4792841,20
V6	531873,46	4793041,43
V7	531619,72	4793457,04
V8	530934,00	4793457,04
V9	530412,60	4794527,63

Aerox	UTM-X	UTM-Y	Concello
A1.1	530815	4794686	Carballo
A1.2	531069	4794585	Carballo
A2.1	531243	4794071	Carballo
A2.2	531638	4794466	A Laracha
A3.1	531802	4793709	Carballo

Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29

O parque proxectado contará con cinco aeroxeradores do tipo Nordex N149 IECS, cunha potencia unitaria de 4,5 MW e 149 metros de diámetro do vo. A potencia total instalada é de 20,88 MW.

Os aeroxeradores estarán conectados coa subestación do parque por medio dunha rede de interconexión subterránea de 30 kV que tamén albergará á rede de control e de posta



a terra. A subestación de Monteagudo máis o edificio de control ocuparán unha superficie de 1360 e 1180 m<sup>2</sup> respectivamente.

A instalación do parque obriga á mellora duns 1066 metros de camiños xa existentes e a apertura duns 2137 metros de vías interiores.

O proxecto setorial prevé a clasificación da área delimitada polo parque eólico como solo rústico de protección de infraestruturas, clasificación que xa figura no PXOM vixente no concello de Carballo. Segundo as condicións de uso e licenzas recollidas no PIA, esta categoría limita as plantacións forestais a unha distancia mínima de 100 metros do aeroxerador máis próximo.

## II. ESTADO FORESTAL

Todos os elementos do parque ocuparán montes privados de particulares sen que resulten afectados montes veciñais en man común ni montes públicos demaniais ou patrimoniais. Os terreos que ocuparán os aeroxeradores e a subestación teñen unha clara vocación forestal, estando poboados ben a masas artificiais de *Eucalyptus* spp. e *Pinus* spp., ou ben por matogueira.

A infraestrutura non afectará a masas consolidadas de frondosas autóctonas aínda que si a pés individuais. Tampouco se verán afectadas infraestruturas forestais, agás as pistas existentes na área delimitada polo proxecto.

Os concellos de Carballo, A Laracha e Arteixo están clasificados como zona de alto risco de incendio segundo a Orde de 18 de abril de 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

## III. INFORME

A instalación do parque eólico Monteagudo afectará exclusivamente a montes privados de particulares.



O EsIA do proxecto sectorial consta dunha avaliación cualitativa e cuantitativa sobre a vexetación forestal afectada. En canto ás medidas protectoras e correctoras previstas, este Servizo considera correctas as actuacións propostas para o ámbito forestal.

Para a determinación das afeccións haberá que ter en conta, ademais das superficies do pleno dominio e das servidumes que operen para cada elemento do parque de acordo coa súa normativa sectorial; as superficies necesarias para o cumprimento das distancias de plantación recollidas no anexo II da Lei 7/2012, de montes de Galicia, en concreto, 2 metros para as especies de frondosas e 6 metros para o resto no caso das vías interiores.

Tamén haberá que ter en conta a delimitación das faixas de xestión de biomasa consonte os artigos 20 e 20 bis da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; é dicir, a xestión da biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxerador; no estrato arbustivo e subarbustivo dos camiños interiores nos 5 metros dende a súa aresta exterior; 5 metros dende o último elemento en tensión e dende os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas, e 50 metros nas subestacións eléctricas nas que existan edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil.

En todo caso, durante a realización dos traballos debe evitarse a corta innecesaria do arboredo, respectando dentro do posible os pés de frondosas autóctonas e da vexetación de ribeira, polo que se procederá a identificar e sinalizar previamente estas masas co fin de diminuír o risco de danos accidentais pola maquinaria. De ser necesario, se establecerán medidas para o saneamento dos danos causados ao arboredo nos accesos e zonas adxacentes aos traballos e a restauración da vexetación das zonas ocupadas temporalmente. A xestión da biomasa se realizará por medios mecánicos, rexeitando a súa queima ou o emprego de fitocidas.

Na xestión de cortas de madeira deberase cumprir o establecido no Decreto 73/2020 do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos nos montes ou terreos forestais de xestión privada.

